



## Teaching Guide

Identifying Data					2021/22
<b>Subject (*)</b>	Final Dissertation	<b>Code</b>	652608807		
<b>Study programme</b>	6 Mestrado Universitario en profesorado de Educación Secundaria: Lingua e Literatura Galega e Lingua e Literatura Castelá				
Descriptors					
<b>Cycle</b>	<b>Period</b>	<b>Year</b>	<b>Type</b>	<b>Credits</b>	
Official Master's Degree	2nd four-month period	First	Obligatory	6	
<b>Language</b>	SpanishGalician				
<b>Teaching method</b>	Face-to-face				
<b>Prerequisites</b>					
<b>Department</b>	Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación Letras Pedagogía e Didáctica				
<b>Coordinador</b>	Sobriño Freire, Iria	<b>E-mail</b>	iria.sobriño@udc.es		
<b>Lecturers</b>	Cano López, Pablo Carballal Miñan, Patricia Fernandez Perez-Sanjulian, Carme Ferreira Boo, María del Carmen Ferreiro Fernandez, Manuel Martinez Lopez, Maria Josefa Mascato Rey, Rosario Muriano Rodríguez, María Montserrat Pardo de Neyra Fernández-Couso, Xulio	<b>E-mail</b>	pablo.cano@udc.es patricia.carballal@udc.es carme.fernandez.perez-sanjulian@udc.es m.fboo@udc.es manuel.ferreiro@udc.es maria.josefa.martinez@udc.es rosario.mascato@udc.es montserrat.muriano@udc.es xulio.pardodeneyra@udc.es		
<b>Web</b>					
<b>General description</b>	O TFM consistirá na realización dunha actividade académica que desenvolverá o conxunto de competencias abordadas neste mestrado. Debe ser realizado individualmente por cada alumno/a baixo a dirección dun/dunha profesor/a (director/a), e, como norma xeral, estará concibido para que o tempo total de dedicación do/a alumno/a sexa de 150 horas (6 ECTS). Neste traballo deben integrarse e desenvolverse os contidos formativos recibidos, así como as capacidades, competencias e habilidades adquiridas durante o período do Mestrado, a saber: a capacidade para a procura, xestión, organización e interpretación de datos relevantes (da área de coñecemento correspondente), co obxecto de emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica, tecnolóxica ou ética, e facilitar o desenvolvemento dun pensamento e xuízo crítico, lóxico e creativo.				
<b>Contingency plan</b>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Modifications to the contents</li> <li>2. Methodologies <ul style="list-style-type: none"> <li>*Teaching methodologies that are maintained</li> <li>*Teaching methodologies that are modified</li> </ul> </li> <li>3. Mechanisms for personalized attention to students</li> <li>4. Modifications in the evaluation <ul style="list-style-type: none"> <li>*Evaluation observations:</li> </ul> </li> <li>5. Modifications to the bibliography or webgraphy</li> </ol>				

## Study programme competences

Code	Study programme competences
A1	Coñecer as características dos estudantes, os seus contextos sociais e motivacións.



A2	Comprender o desenvolvemento da personalidade destes estudantes e as posibles disfuncións que afectan á aprendizaxe.
A3	Elaborar propostas baseadas na adquisición de coñecementos, destrezas e aptitudes intelectuais e emocionais.
A4	Identificar e planificar a resolución de situacións educativas que afectan a estudantes con diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxes.
A5	Coñecer os procesos de interacción e comunicación na aula e no centro; abordar e resolver posibles problemas.
A6	Coñecer a evolución histórica do sistema educativo no noso país.
A7	Coñecer e aplicar recursos e estratexias de información, tutoría e orientación académica e profesional.
A8	Promover accións de educación emocional, en valores e formación cidadá.
A9	Participar na definición do proxecto educativo e nas actividades xerais do centro atendendo a criterios de mellora da calidade, atención á diversidade e prevención de problemas de aprendizaxe e convivencia.
A10	Relacionar a educación co medio e comprender a función educadora da familia e a comunidade, tanto na adquisición de competencias e aprendizaxe como na educación no respecto dos dereitos e liberdades, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas con discapacidade.
A11	Coñecer a evolución histórica da familia, os seus diferentes tipos e a incidencia do contexto familiar na educación.
A12	Adquirir habilidades sociais na relación e orientación familiar.
A13	Comprender as implicacións educativas da situación lingüística galega e adquirir e aplicar criterios, estratexias e recursos pedagóxicos para participar na planificación e desenvolvemento do plano lingüístico do centro.
A14	Respectar e promover os dereitos humanos, os valores da cultura da paz e dos valores democráticos, e o recoñecemento dos principios e fundamentos da atención á diversidade.
A15	Coñecer o valor formativo e cultural das materias correspondentes á especialización.
A16	Coñecer os contidos que se cursan nos respectivos ensinamentos.
A17	Coñecer a historia e os desenvolvementos recentes das materias e as súas perspectivas para poder transmitir unha visión dinámica das mesmas.
A18	Coñecer contextos e situacións en que se usan ou aplican os diversos contidos curriculares.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C2	Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C5	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

## Learning outcomes

Learning outcomes

Study programme  
competences



Preparación profesional avanzada, dirixida á especialización académica e profesional dos estudantes; é por iso que o TFM deberá estar orientado á avaliación das competencias profesionais, xerais e específicas asociadas á titulación.	AJ1 AJ2 AJ3 AJ4 AJ5 AJ6 AJ7 AJ8 AJ9 AJ10 AJ11 AJ12 AJ13 AJ14 AJ15 AJ16 AJ17 AJ18	CC1 CC2 CC3 CC4 CC5 CC6 CC7 CC8
Capacidade para indagar e producir coñecemento nun determinado campo.	AJ15 AJ17 AJ18	CC3 CC6 CC7 CC8
Capacidade para comunicar o coñecemento adquirido a unha audiencia.		CC1 CC3

Contents	
Topic	Sub-topic
Prepararse académica e profesionalmente. Desenvolver as competencias ao longo dos diferentes módulos formativos, relacionados directamente coa práctica docente da especialidade correspondente.	

Planning				
Methodologies / tests	Competencies	Ordinary class hours	Student?s personal work hours	Total hours
Supervised projects	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A7 A8 A9 A10 A11 A12 A13 A14 A16 A15 A17 A18 C1 C3 C4 C5 C6 C7 C8	1	136	137
Oral presentation	C1 C2 C3	1	9	10
Personalized attention		3	0	3

(\*)The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.

Methodologies	
Methodologies	Description



Supervised projects	<p>a) Estudos empíricos relacionados con calquera das liñas temáticas propias do Mestrado e enmarcados no ámbito das súas competencias.</p> <p>b) Revisión e investigación bibliográfica centrada nalgún dos diferentes campos da titulación de Mestrado.</p> <p>c) Análise de protocolos de actuación, unidades didácticas, proxectos socioeducativos ou calquera outro documento institucional, vinculadas a algún dos diferentes campos do Mestrado.</p> <p>d) Deseño de unidades didácticas, proxectos educativos e socioeducativos de diversa índole, relacionados co Mestrado.</p> <p>Evidentemente, cada alumno/a deberá escoller un tema que estea inscrito no marco da súa área de especialización, que vén dada no son polos seus estudos previos, senón tamén, e sobre todo, polo itinerario no que estea matriculado/a.</p>
Oral presentation	<p><b>SOLICITUDE DE DEFENSA:</b> Unha vez finalizado o proceso de elaboración do TFM e obtido o informe favorable do director/a, o/a alumno/a terá que subir o traballo en formato dixital ás plataformas habilitadas para estes efectos no prazo establecido polo centro.</p> <p><b>DEFENSA:</b> Unha vez que se faga pública a convocatoria do tribunal, o/a alumno/a debe presentarse á hora indicada e agardar a ser chamado polo/a docente que ocupe o cargo de secretario/a. O acto, que será público, iniciárase cunha exposición do/a alumno/a, que durará un máximo de 20 minutos e na que se poderá facer uso de material audiovisual complementario. A continuación, os/as integrantes do tribunal disporán de 20 minutos ?en conxunto? para faceren as preguntas que estimen oportunas e debater co/a alumno/a.</p>

### Personalized attention

Methodologies	Description
Oral presentation Supervised projects	Realizaranse titorías individuais co fin de orientar o traballo do alumnado e solucionar posibles dúbidas.

### Assessment

Methodologies	Competencies	Description	Qualification
Oral presentation	C1 C2 C3	<p>Presentación e defensa</p> <p>? Calidade dos medios e/ou materiais de apoio, no caso de que se empreguen.</p> <p>? Coherencia e claridade de ideas na exposición.</p> <p>? Boa competencia lingüística oral.</p> <p>? Capacidade de síntese</p> <p>? Habilidade para responder na discusión.</p>	15



Supervised projects	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A7 A8 A9 A10 A11 A12 A13 A14 A16 A15 A17 A18 C1 C3 C4 C5 C6 C7 C8	<p>Cuestións formais (5%)</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>? Claridade de ideas, de exposición e de organización da información.</li> <li>? Relación e coherencia entre as partes do TFM.</li> <li>? Boa calidade lingüística do discurso.</li> </ul> <p>Fundamentación teórica (30%)</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>? Suficiencia e profundidade do marco teórico, de xeito que se demostre coñecemento suficiente da bibliografía relevante e do consenso científico vixente verbo do tema en cuestión.</li> <li>? Creatividade e orixinalidade na presentación da temática, na súa abordaxe ou no seu tratamento.</li> <li>? Referencia aos contidos traballados no Mestrado.</li> <li>? Documentación de apoio actualizada e referencias bibliográficas citadas conforme ás normas propias dos traballos científicos e profesionais.</li> </ul> <p>Desenvolvemento do TFM (35%)</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>? Nivel de concreción do TFM (obxectivos, metodoloxía, secuenciación, actividades, sistema de avaliación...).</li> <li>? Viabilidade da proposta atendendo a súa contextualización.</li> <li>? Adecuación ao marco lexislativo e curricular.</li> <li>? Existencia e adecuación de criterios de avaliación da proposta.</li> </ul> <p>Valoración persoal e conclusións do TFM (15%)</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>? Relación das conclusións cos obxectivos do TFM.</li> <li>? Grao de integración dos coñecementos conseguidos nas distintas materias cursadas no Mestrado.</li> <li>? Grao de desenvolvemento das competencias profesionais.</li> </ul>	85
---------------------	---	---	----

### Assessment comments

- O alumnado disporá dunha convocatoria con dúas oportunidades de avaliación ou defensa pública do TFM. - O/a coordinador/a do Mestrado designará os/as integrantes dos tribunais que avaliarán os TFM, fixará as súas datas e horas de actuación e determinará que alumnos/as deberán comparecer perante cada un deles. - Os tribunais estarán constituídos por tres membros titulares; ademais, de ser posible, asignarase unha parella de suplentes. O/a director/a dun TFM non poderá formar parte da comisión que o vai avaliar. - Finalizadas as defensas de todos os TFM da súa competencia, o tribunal deliberará e, logo de resolver, publicará as cualificacións provisionais. As cualificacións provisionais serán a media das outorgadas individualmente polos/as integrantes do tribunal, e poderán moverse nas seguintes marxes: Non presentado. Suspenso, de 1 a 4,9. Aprobado, de 5 a 6,9. Notable, de 7 a 8,9. Sobresaliente, de 9 a 10. A Matrícula de Honra poderá outorgarse a calquera traballo cualificado con Sobresaliente, sempre e cando haxa acordo unánime do tribunal. Na realización de traballos, o plaxio e a utilización de material non orixinal, incluído aquel obtido a través da internet, sen indicación expresa da súa procedencia ou, se for o caso, permiso do seu autor/a, poderá ser considerada causa de cualificación de suspenso na actividade. Todo iso sen prexuízo das responsabilidades disciplinarias ás que puidese haber lugar tras o correspondente procedemento.

### Sources of information

Basic	As propostas pola dirección académica do Trballo de Fin de Mestrado.
Complementary	

### Recommendations

Subjects that it is recommended to have taken before

Subjects that are recommended to be taken simultaneously



Subjects that continue the syllabus
Other comments

A entrega dos traballos realizarase telematicamente, na plataforma correspondente. Se non é posible, non deben empregarse plásticos e cómpre elixir a impresión a dobre cara, empregar papel reciclado e evitar imprimir borradores. Debe facerse un uso sustentable dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural e ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sustentabilidade nos comportamentos personais e profesionais. Na materia incorporarase a perspectiva de xénero e traballarase para fomentar e, no seu caso, modificar prexuizos e actitudes sexistas.

(\*)The teaching guide is the document in which the URV publishes the information about all its courses. It is a public document and cannot be modified. Only in exceptional cases can it be revised by the competent agent or duly revised so that it is in line with current legislation.